

Coa liberdade creativa e ornamental como bandeira, desde a falta de consenso na interpretación dos rexistros conservados, o contrabaixista Pablo Sanmamed leva ao terreo do jazz as cantigas de Afonso X no seu último disco, 'Ben Vennas Maio'.

Texto Irene Pin @serfaiscas + Foto Eutropio Rodríguez

Celtia Moroño, caracterizada como maia, ocupa a capa do disco.

Pablo Sanmamed presenta 'Ben Vennas Maio'

As cantigas de Afonso X a ritmo de jazz

Hai discos que chaman a atención no panorama galego polo singular da súa achega. É o caso de *Ben Vennas Maio*, o último traballo do contrabaixista Pablo Sanmamed, no que as linguaxes da música medieval e o jazz conflúen con sutileza para traer aos nosos días unha interpretación propia das cantigas de Afonso X. E precisamente a perspectiva do autor foi unha das claves neste senlleiro vinilo que vén de publicar a Central Folque, pois como sinala o compositor en conversa con *Nós Diario*, pensaba que estas pezas estaban "máis consensuadas". Porén, hai moitos aspectos abertos á interpretación: "Non está segura a notación, non hai orquestración nin codificado", explica o músico.

Esta non era a primeira vez que Sanmamed traballaba coas cantigas, pois no seu periplo en Fía na Roca xa o levara a tocar algunha. Mais comezou a interesarse a fondo polo tema recentemente, a raíz dalgunhas lecturas. E o que o sorprendeu foi precisamente a liberdade creativa que se abría no traballo con

estas melodías, que el trouxo ao seu propio terreo: o jazz.

Deste modo, atoparemos rexistros ben diferentes ao longo do disco, desde o piano intimista que se espreguiza con delicadeza como un interludio entre as partes cantadas desa coñecida "Strela do Día" até as superposición de voces de "O Genete".

Tamén profanas

A selección dos temas, conta Sanmamed, foi atendendo quer ao plenamente musical quer ao contido da letra. Neste último procuraba que non houbera un exceso de loanza desa figura feminina idealizada e arquetípica, pois iso non lle interesaba especialmente. "Ademais das de Santa María, hai tamén cantigas profanas", explica o contrabaixista, polas que admite que se sentiu máis atraído.

Aínda que a maioría das faixas se corresponden cunha única cantiga, "Sola fusti Senlleira" é unha suma de varias, que ao compositor lle encaixaban nas distintas partes harmónicas. Noutros casos houbo que acurtar, pois as pezas de Afonso X tenden a ser moi longas. Aliás, o disco conta cunha feliz excepción: "La rosa

enflorece". Este é o único corte que non atoparemos nas composicións do rei sabio, senón que adapta unha canción andaluza, como ben destaca melodicamente ao ouvido. "Xa que traes a unha especialista en música *mudéjar*, que menos", comenta Sanmamed. Refírese a Begoña Olavide, que toca o salteiro e canta. Ademais dela, rodean o compositor Elena Tarrats (voz), Xurxo Varela (viola de gamba), Iago Mourinho (piano), Chus Pazos (batería) e Carlos Castro (percusións).

Dentro da procura temática, algunhas cancións resultarán de seguro sorprendentes desde a lectura do presente. É o caso da aceda crítica aos excesos dos poderosos en "Non ven al maio". Sanmamed engade o impactante que lle resultou a "perspectiva humanista" da cantiga "47", unha ollada "pacifista que case parece deste século". Porén, esta peza non se atopa na escolma final, da que moitas cousas ficaron fóra.

O vinilo e o límite

A condicionar esta selección contribuíu a duración limitada que supón editar en vinilo. A Folque optou por un formato moi coidado, de tirada pequena, que alén

HAI MOITOS ASPECTOS DAS CANTIGAS ABERTOS Á INTERPRETACIÓN

das propias gravacións se complementa coas imaxes do fotógrafo Eutropio Rodríguez e unha serie de textos elaborados pola poeta Alba Cid, nos que reflexiona sobre os distintos temas que lle vai suxerindo cada peza. De enorme potencia visual, Rodríguez traduciu a intención de Sanmamed na presenza das maias. "É unha figura totalmente nosa que Eutropio retratou moi ben", afirma o autor.

Estas tres fontes artísticas, con entidade propia, establecen un diálogo sobre as tópicos centrais de *Ben Vennas Maio*, nunha auténtica "loanza á chegada da primavera". Por unha banda, Sanmamed identificaba isto co seu propio proxecto, que "estaba a florecer". Ao tempo, esa saída do inverno para entrar





Nós Diario

A lectura viu incrementada a intensidade máis que o hábito.

Un informe debulla o impacto da Covid-19 nos consumos culturais

A pandemia deixa mellores lectoras

Redacción | Nós Diario

O Observatorio da Cultura Galega, dependente do Consello da Cultura Galega, vén de publicar un informe que debulla como a pandemia afectou ás nosas formas de consumir cultura. A investigación refírese ao comportamento e ao gasto cultural da poboación galega maior de 15 anos, cunhas cifras que amosan un incremento lixeiro da lectura. O resto de prácticas mantéñense nos mesmos niveis, agás as artes escénicas, o cinema e os concertos de pago, onde se produce un descenso moi acusado. É por iso que o gasto cultural caeu fortemente, cunha contracción media de 69,9%. Con todo, como a valoración sobre a cultura da cidadanía galega é moi alta -un 7,9 para a cultura xeral e un 7,87 para a galega en particular- "as expectativas de recuperación son moi positivas", conclúe a entidade, pois tres de cada catro persoas cren que volverán gastar tanto ou máis que antes.

"Influencia da Covid-19 nos hábitos culturais da poboación galega", resultado dunha mostra de 701 entrevistas telefónicas, xa pode consultarse en aberto. O traballo partiu dun coñecemento exhaustivo do contexto grazas a sete informes previos que, entre xullo e decembro, amosaban un incremento das actividades vencelladas ao dixital. Mais desexábase saber que fixo e que ten previsto facer a poboación.

Non presencial

A pandemia deixou tras de si mellores lectores. "A crise sani-

taria non afectou tanto á práctica ou non do hábito de lectura como á intensidade coa que se realizou", asegura o estudo, que constata que 23,9% le máis e 10,9% le menos ou deixou de ler. A xente nova é a que, en maior medida, aumentou a frecuencia, xa que 39,4% le máis ou moito máis que antes. Son as mulleres as que van á cabeza, pero tamén as que en maior medida deixaron de ler ou o fan con menos frecuencia. Tamén afecta o nivel educativo, dado que canto máis alto é, máis se le. Porén, estas cifras non implican un maior gasto, xa que a compra libros descendeu 17,7%. A cidadanía, en lugar de mercar, tirou de amigos e de descargas gratuítas.

O consumo de medios de comunicación de pagamento e o de prensa mantense practicamente nos mesmos niveis. No caso da prensa, hai unha

NON HOUBO UN CAMBIO DRÁSTICO NA CONTRATACIÓN DE PLATAFORMAS DE TELEVISIÓN DE PAGO

pequena variación na compra diaria ou de fin de semana baixo subscripción. Se o gasto medio mensual era de 28,4 euros, subiu hoxe aos 29,4 euros.

Curiosamente, o estudo afirma que non houbo un cambio drástico na contratación de plataformas de televisión de pago: "A porcentaxe de novos consumidores (6,8%) compénsase coa dos que o abandonaron (4,1%)". Iso si, quen xa tiña subscripción aproveitou para "facer un maior uso do servizo". A idade marca diferenzas: as plataformas de Internet son máis populares entre a xente nova e os paquetes audiovisuais entre as persoas de maior idade. Doutra banda, só 25,4% das enquisadas declarou que paga polo consumo de música, o que sobe 5% en relación a antes da pandemia.

Caída drástica nas actividades presenciais

Aquelas actividades que requiren presencialidade son as que sufriron, como era de agardar, os maiores descensos e están a notar unha maior dificultade para recuperarse. A asistencia a concertos estivo especialmente danada, cunha baixada drástica con independencia de que sexan de pago (antes non ía 43,5%, agora 80,7%) ou de balde (antes non ía 23,9%, agora 74,4%). Isto incorre na perda de 863.000 espectadores de concertos de pago. A desconfianza na seguridade é o principal motivo.

Nas artes escénicas o descenso de público foi moi acusado, tanto nos espectáculos gratuítos como nos de pago. Se antes 5

23,9% DA CIDADANÍA LE MÁIS MENTRES 10,9% LE MENOS OU DEIXOU DE LER

de cada 10 persoas aseguraban non ir nunca a este tipo de espectáculos, agora son 8. Isto tradúcese en 732.000 espectadores menos e unha contracción do gasto medio anual, que pasa de 89,6 a 66,9 euros.

Se antes da pandemia 31,3% da poboación confesaba non ir ao cinema, hoxe vai até 76%: un millón de persoas deixaron de ir. E non é só que se vaia menos, quen mantén o hábito reduce a asistencia. Pola contra, o consumo audiovisual en televisión mantense máis estábel.

A lingua condiciona o interese na cultura galega

Alén doutros parámetros, o estudo constata que a lingua vehicular como "a variábel que marca diferenzas máis importantes" no interese pola cultura galega, de modo que en quen emprega o galego habitualmente mostra é maior (83,5%, fronte a 72,9% de quen se expresa normalmente en castelán).

Por áreas, as artes escénicas, as visitas a museos e exposicións son os produtos que espertan maior interese, mentres a lectura de libros e prensa son as actividades preferidas.

na seguinte estación encaixa co momento actual.

A primavera sempre volve

O delicado labor de Rodríguez e Cid encaixa cunha visión perfeccionista e detallista do compositor. Sanmamed traballou con persoas expertas en música medieval -alén da xa mencionada Olavide, Xurxo Varela é profesor no superior de músicas antigas no Porto-, polo que lle preocupaba que quedasen contentas. "É un campo no que non son especialista, nin pretendo selo", di, mais tería moi en conta a opinión das que si o son. "Din que quedou moi natural", celebra.

O patrimonio das cantigas "está aí e é de todos", afirma Sanmamed. "Quen queira pode collelo e darlle o punto estético que desexe", anima, pois nesa liberdade que ofrecen as partituras a xente "vai interpretando e saca conclusións persoais", o que volve este patrimonio "algo vivo". Así o demostra, conclúe, as múltiples versións dunha cantiga que atoparemos e que nos convida a escoitar. Un exercicio ao que se suma agora *Ben Vennas Maio* e a súa promesa desa primavera que, coma sempre, chegará.